**LEY DE PROTECCIÓN DE DATOS**

**INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA O/A SOLICITANTE**

Sendo os servizos solicitados unha actividade extraescolar xestionada pola ANPA, os socios/as da mesma terán unha bonificación no custo dos servizos, que será de 3,00€ nos servizos de acollida e almorzo e de 5,00€ no servizo de comedor.

Para solicitar a bolsa de comedores de benestar social (Concello de Ourense) debe reservar previamente a súa praza de comedor con este impreso.
Para que a reserva se complete debe entragarse xunto coa domiciliación bancaria.

Para optar a praza dos servizos todo usuario/a terá que estar ó dia nos pagos anteriores.

Todo usuario/a de comedor terá as mesmas condicións, incluso os posibles bolseiros/as, que non teñan concedida a bolsa do concello a dia 9 de septembro. En dito caso, para facer uso do servizo de comedor, terán que cumprimentar a folla de domiciliación bancaria

O custo dos servizos será igual os 10 meses do curso escolar. Neste prorrateo do custo dos servizos, inclúense os meses de setembro e de xuño

Só os nenos/as de 4º de infantil en período de adaptación, teñen a opción, só no mes de setembro, de pagar os días que queden no servizo de comedor, como usuario/a esporádico/a.

Para darse de baixa dos servizos, terán que notificalo por escrito achegando o formulario de baixa ou modificación que terá á súa disposición nas instalacións do comedor antes do día 20 do mes anterior. Dita baixa ocasionará a perda da praza. Non se perde a praza só nos casos de prescrición médica. **As Baixas no servizo de COMEDOR sin causa xustificada terán un recargo no mes que se volvan dar de alta de 50,00€, que se cargarán xunto co recibo do mes que corresponda, do mesmo xeito a baixa de usuarios/as no mes de xuño conlevará un pago de 50,00€ en concepto de regularización.**

Para unha mellor xestión no cargo dos recibos e evitar cargos nun mesmo mes será preciso entregar a reserva xunto co formulario de domiciliación bancaria cumprimentado antes do 5 de Xuño. **Non se cargará ningún recibo ata que dea comezo o curso e teñamos o listado definitivo de usuarios/as, deixando así marxe a situacións que se poidan dar (usuarios/as que ainda coa reserva feita non comezan no servizo, usuarios/as que reservan servizos que a hora de comezar a escola xa non precisan…).**

A Empresa " ANTONIO GALLEGO CID S.L." ,xirará o recibo de pago ao número de conta facilitado pola persoa solicitante. Os recibos cobraranse entre o día 1 e 5 do mes correspondente.

Os custos de devolución dos recibos de cargo dos servizos será de 6€ por recibo. Dito custo incluirase no seguinte recibo xirado.

Tódalas familias usuarias deberán coñecer o regulamento interno do comedor, que o facilitará a súa ANPA, o cal é de obriga. Diariamente a persoa responsable de comedores cumprimentará un parte de incidencias no que se inclúe o comportamento dos usuarios/as, temperaturas, etc., o cal se poderá consultar a través da ANPA.

Tratamos a información que nos facilita co fin de prestarlle o servizo e tratar os datos e documentos, entre os que se atopan datos de saúde, xestionar, utilizar e acceder aos datos, realizar a facturación do mesmo e cumprir coas obrigas legais aplicables, sendo a base xurídica o consentimento. Os datos persoais e a documentación coa información referente a persoa usuaria serán conservados como mínimo durante os anos legalmente exixibles e a maiores durante o tempo necesario para proporcionar o servizo solicitado, tal como se regula na Lei Orgánica 3/2018 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos serán facilitados á empresa responsable do catering.

En calquera caso, todo o persoal que acceda, no uso das súas competencias, a calquera dato persoal da persoa usuaria, quedará suxeito ó deber de gardar segredo sobre os datos da mesma.

Vostede ten dereito a obter a confirmación sobre si estamos tratando o seus datos persoais, así como a exercer os seus dereitos como persoa interesada de limitación, modificación, rectificación ou supresión. Pode obter más información dirixíndose a: Responsable: " ANTONIO GALLEGO CID S.L." Carretera do Seminario nº18, 32002 Ourense, Telf: 615501951

**AUTORIZO A ANPA DO MEU CENTRO** a informar a "ANTONIO GALLEGO CID S.L." do meu estado como socio. Nota: A cancelación total de ditos datos (Nome e apelidos de usuario e solicitante; DNI, número de conta e teléfono do solicitante ou datos médicos do usuario) implica a baixa do servizo de comedor e/ou Almorzo e acollida temperá xa que non poderá xestionar debidamente os servizos prestados ao usuario. ☐

ASINO CONFORME FUN INFORMADO, ENTENDO E AUTORIZO O TRATAMENTO DE DATOS PERSONAIS ☐

SINATURA E DNI DO/A SOLICITANTE____________________

ASINO A AUTORIZACION PARA O USO DE IMAXES, VÍDEOS E/OU DATOS PERSOAIS RECABADOS POLA ANPA, ASÍ COMO A SUA INCLUSIÓN EN
REDES SOCIAIS (Facebook, Twitter…) OU PÁXINA WEB ☐

SINATUA E DNI D SOLICITANTE________________________

| SOLICITANTE | CONFIRMACIÓN ANPA |
|---|---|
| SINATURA | SELO E SINATURA |